

SOBRE O XENOCIDIO

QUE AÍNDA SOFRE O POBO PALESTINO

A violencia só xera máis violencia e a resposta ao terrorismo non pode ser sementar máis terror. É inconcibible que o Goberno de Israel leve anos masacrando o pobo palestino e presentándoo como a súa resposta aos atentados de Hamás (que son, por suposto, absolutamente inxustificables).

Xea o sangue a retransmisión de todas as atrocidades que se cometeron, e a traxedia non rematou. A ocupación e a impunidade persisten e, mentres continúen os asasinatos, os desprazamentos forzosos e a destrución sistemática dos seus territorios, será difícil falar de paz. Un alto o fogo non detén a fame, nin reconstrúe cidades nin devolve os mortos.

Como poderíamos falar de paz en cuestión de días, despois de anos vendo acotío nos informativos as imaxes de nenos mutilados e/ou completamente desnutridos, apenas a sombra do que deberían ter sido? Que paz é a que nos queren vender tras tantísimas novas de desaloxos de hospitais cheos de enfermos, aos que ameazaran con bombardear? Como celebrar a paz sen clamar antes por todos os civís aos que se lles arrebatou a vida, e polos voluntarios, sanitarios e reporteiros asasinados, heroes que miraron o medo de fronte e seguiron exercendo o seu labor ata o último alento? Que paz debería haber para os malvados, para quen non dubidou en disparar contra un pobo morto de fame que saía á rúa na procura de algo que levar á boca?

Fronte a representantes políticos nacionais e internacionais que continúan utilizando este conflito como arma partidista e fronte a medios que tratan esta traxedia con superficialidade, queremos deixar clara a nosa postura, libre e independente: o que acontece en Palestina é un xenocidio premeditado por parte do Goberno israelí e dos seus socios. Ningún autoproclamado dereito histórico nin ningunha suposta loita contra o terrorismo poden xustificar a masacre constante e indiscriminada da poboación civil.

Os nosos fillos e netos preguntarán que se fixo ao respecto, por que se tardou tanto en reaccionar, e non haberá resposta que non nos provoque un mínimo de vergoña. Entón, só verán algo de esperanza cando lles falemos do que si se fixo ben: dos voluntarios que se uniron á Global Sumud Flotilla para poñer no

punto de mira a necesidade imperiosa de romper o bloqueo á axuda humanitaria, dos centos de miles de persoas que tomaron as rúas en cidades de todo o mundo de maneira continuada para protestar contra a barbarie, dos servidores públicos que si escoitaron aos seus cidadáns e usaron a súa posición para axudar e do boicot contra fondos israelís que manchan festivais, encontros deportivos e marcas habituais nas nosas casas. Explicarémolles que este conflito se xestou durante décadas e que mesmo houbo que reinterpretar a bandeira palestina en forma de sandía para poder manifestarse libremente en rexións conservadoras.

Queremos pensar que cada unha desas accións axudou a marcar a diferenza, que cada xesto conta, que non todo depende dos ditados arbitrarios das superpotencias. Por iso, se acaso nós, desde esta revista, temos o máis ínfimo poder para axudar, non pensamos desaproveitalo, non podemos nin debemos seguir calando. Se con estas liñas conseguimos xerar conciencia nunha soa persoa, xa será unha vitoria. Se a proactividade do pobo logra atallar o conflito unha semana antes, un día antes ou unha mísera hora antes, antes rematará a vexación de tantas vidas inocentes que, mentres se escriben estas palabras, parecen estar condenadas a perecer prematuramente, se non polas bombas ou as balas, si pola fame, a enfermidade ou a miseria que deixaron ao seu paso os invasores.

Se chegaches ata aquí, grazas polo teu tempo. Sabemos que este non é o contido que se agarda dunha cabeceira técnica. Se escribimos este editorial, foi pola máis pura compaixón e porque, se ben o noso traballo central está xunto ao vacún de leite, o noso principio vertebrador está coa xustiza, a verdade e a dignidade, valores que transcenden este sector e que deberían ser inherentes a todos nós.

A tortura continuada á que se someteu este pobo non nos deixou indiferentes e non poderíamos deixar pasar a oportunidade de pedirvos que sumedes as vosas voces ao clamor popular para pedir xustiza, a única paz real que poderá ter algún día Palestina.

Equipo Transmedia



XXII XORNADAS TÉCNICAS DE

VACÚN DE LEITE

FACULTADE DE VETERINARIA DE LUGO
13 E 14 DE NOVEMBRO

Xornadas Técnicas de Vacún de Leite



SERAGRO
Sociedade Cooperativa Galega

XO
VES
13

Inauguración



O sector lácteo galego: situación actual e transformacións recentes

José Manuel Andrade Calvo
Director da Fundación Juana de Vega, A Coruña

10:00 h
10:30 h

Patrocina:
 ADM

11:00 h

Patrocina:



11:30 h

Patrocina:
 vética



Principios básicos de ventilación e orientación de naves de recría

Felipe Fraga Martínez
Servizo de Recría de Seragro SCG



O comezo define o futuro: enfermidades en idades temperás e a súa pegada permanente

Laura Molina Moreno
Profesora asociada na Facultade de Veterinaria de Córdoba; xestión integral de ganderías, Rusama Ganadería, Pozoblanco (Córdoba)

Pausa do café

12:00 h

12:30 h



A recría en Finca Fonteboa

Sandra Mella Ríos
Empregada de Finca Fonteboa, Frades (A Coruña)

Patrocina:



13:00 h

Patrocina:
 MSD
Animal Health



Recría: a base do futuro

Ares Rubies Corrales
Auxiliar veterinaria; xestión e formación de persoal na recría na Granja San José, Huesca

Xantar

13:30 h

15:30 h




Great People, Great Cows, Great Returns [Grandes persoas, grandes vacas, grandes ganancias]

Jordan T. Masthews
Socio de Rosy Lane Hosteins LLC, Wisconsin (EE. UU.)

Patrocina: **CORTEVA** **PIONEER**
MADE TO GROW

16:15 h

Patrocina:
 Ecuphar



A reprodución en vacas de leite: cando é o mellor momento para inseminar?

Sonia Rodríguez Pazos
Servizo de Reprodución de Seragro SCG

16:45 h

Patrocina:
 Boehringer Ingelheim



Efecto do tipo de muxido no pico de produción e os compoñentes do leite en vacas leiteiras

Liliana Fadul
Analista de datos de Lactanet

17:15 h

Patrocina:
 CALIER



Como optimizar a alimentación en sistemas de muxido robotizado. Claves e consellos para unha xestión eficiente

Miguel Iglesias Naredo
Xefe de Produto Vacún de Leite de Deheus

Encontro gandeiro

17:45 h

VEN
RES
14



O marco laboral no sector agrario e gandeiro: da norma á práctica

María Jesús Asorey Cea e Noa García Rey
AUSUM, Asesores y Abogados

11:00 h

Patrocina:
 CALXIA RURAL GALEGA

11:30 h

Patrocina:
 adial



Caderno de Campo e obrigas medioambientais

Víctor Novo Vázquez
Xefe do Servizo de Sanidade e Produción Vexetal
Consellería do Medio Rural, Xunta de Galicia



Revisión ou lotes?

Javier Fernández López
Servizo de Podoloxía de Seragro SCG

Patrocina:



12:30 h

Pausa do café

13:00 h

Patrocina:
 zoetis



Saúde podal: o cambio de paradigma na prevención

Arturo Gómez
Veterinario consultor, integrante do equipo de Investigación e Desenvolvemento de Zinpro



Tecnoloxía e intelixencia natural no sector gandeiro

Javier Bueno Lema
Profesor titular na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría, Campus Terra USC, Lugo

13:30 h

Patrocina:
 XESGA

Xantar

14:00 h

16:00 h



Ganadería Liste, xestión das forraxes con maquinaria propia

Carlos Liste Pose
Socio de Ganadería Liste SL, Trazo (A Coruña)

Patrocina:
PROGANDO



Lodos e Pérez, producir forraxes sen maquinaria

Juan Carlos Lodos Pérez
Socio de SAT Lodos e Pérez, A Pastoriza (Lugo)

Patrocina: **CAMPONOVO** **syngenta**

16:30 h



Intelixencia artificial na granxa: como os datos transforman o sector leiteiro

Pol Llouch Obiols
Veterinario profesor e investigador; experto independente na Plataforma Benestar Animal da Comisión Europea

17:00 h

Clausura e brinde do leite

Patrocina: **FRIRO** **NUZOA**

